

Autora: **URSULA WÖLFEL**  
Ilustradora: **NEUS BRUGUERA**  
Tradución: **SUSANA FERNÁNDEZ DE GABRIEL**  
**FRANCK MEYER**

Encadernado en cartón  
68 páxinas a toda cor. 15,5x23,5 cm.  
Dispoñible en:

- Galego: "29 historias disparatadas"  
SeteLeguas. ISBN 978-84-8464-604-4
- Castelán: "29 historias disparadas"  
SieteLeguas. ISBN 978-84-96388-43-7
- Portugués: "29 histórias disparatadas"  
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-55-2

Prezo: 12 €



## 29 HISTORIAS DISPARATADAS

### ♦ LISTA DE HONRA IBBY (CATEGORÍA DE TRADUCCIÓN)

**Unha rapaza non quería facer o que facía todo o mundo. Resultáballe aburrido. Por iso saía pola porta recuando. Unha vez atropelou o avó...**

**Un home era tan ordenado que non aturaba que as agullas do reloxo non estivesen rectas ...**

**Había un rapaz con ollos tan penetrantes que podía cortar o pan coa ollada ...**

Unha das moitas virtudes da autora Úrsula Wölfel é o sentido do humor co que aborda as pequenas historias cotiás, nas que os personaxes -tanto animais como persoas- son os protagonistas de situacións cómicas e sorprendentes. A súa imaxinación móvese no terreo do "nonsense", captando a atención do lector con disparatadas ideas.

A escritora frustrada que se converteu en campeona de afiar lapis, a historia da familia que non paraba de discutir ata quedar conxelada, o comportamento surrealista do home tan extremadamente metódico que recollía a mesa antes de comer, as anécdotas sobre a enfermidade contagiosa de nome 'pips' ou o enigmático ser chamado 'Prantocox', son algunhas das historias disparatadas que debuxarán un sorriso na faciana do lector.

"29 historias disparatadas" forma parte dunha triloxía que se completa cos títulos "27 historias para tomar a sopa" e "28 historias para rir", ámbolos dous publicados por KALANDRAKA en galego, castelán e portugués.

**ÚRSULA WÖLFEL** (1922, Ruhrgebiet, Alemaña) Cambiou Ruhrgebiet, unha coñecida cidade industrial, por Heidelberg, onde cursou estudos de Xermanística. Trala II Guerra Mundial traballou como axudante nunha escola, estudou Pedagogía e incorporouse como mestra nun colexio para cativos con necesidades educativas especiais.

En 1959 escribiu o seu primeiro libro para nenos e co tempo converteuse nunha das autoras de maior éxito para o público infantil e xuvenil. Pertence ao PEN Club dende 1972 e recibiu prestixiosos galardóns. Polo conxunto da súa obra obtivo en 1991 o Premio de Literatura Infantil e Xuvenil de Alemaña.

**NEUS BRUGUERA** (Barcelona, 1971)

É profesora e ilustradora. Realizou numerosas ilustracións para libros e revistas, polas que foi premiada en varias ocasións. Foi finalista do premio Apel·les Mestres 2002-2003. Caracterízase por un estilo sintético e simbólico, de composición limpa, no que enlaza a poesía visual co mundo do deseño. En "29 historias disparatadas" realiza un traballo novidoso e atrevido, con collages tan disparatados como as historias narradas por Úrsula Wölfel, logrando un equilibrio perfecto entre texto e ilustracións.

- **Temática:** relatos breves de humor
- **Idade recomendada:** dende 6 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións de gran contraste cromático, realizadas coa técnica do collage
- **Aplicacións:** obradoiros de escrita creativa, xogos relacionados co absurdo e o "nonsense"; obras anteriores: "27 historias para tomar a sopa" e "28 historias para rir", ilustradas por Pablo Bernasconi y João Vaz de Carvalho, respectivamente